

da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, esta consellería

DISPÓN:

Autorizar o cambio de denominación do centro que se relaciona no anexo a esta orde.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Provincia: Ourense.

Concello: Beariz.

Localidade: Beariz (Sta. María).

Código de centro: 32001920.

Denominación: colexio de educación infantil e primaria Francisco Franco.

Nova denominación: colexio de educación infantil e primaria de Beariz.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Orde do 3 de novembro de 2008 pola que se convoca a realización de probas para a obtención dos certificados de profesionalidade en determinadas ocupacións para aquelas persoas que participaran nas probas de certificación convocadas nos anos 2006 e/ou 2007 e que teñan acreditada algunha unidade de competencia das que consta o correspondente certificado de profesionalidade.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, establece no número 1º do artigo 2 que o Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional ten como un dos seus principios a avaliación e acreditación das correspondentes competencias profesionais de forma que se favoreza o desenvolvemento profesional e social das persoas e se cubran as necesidades do sistema produtivo.

Por outra banda, o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, establece no seu artigo 2 e) que unha das súas finalidades será a de promover que as competencias profesionais adquiridas polos traballadores tanto a través de procesos formativos (formais e non formais) coma da experiencia laboral, sexan obxecto de acreditación.

O Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, na súa disposición transitoria cuarta dispón que mentres non se aprrobe a normativa de desenvolvemento

do artigo 8.2º da Lei orgánica 5/2002, relativa ao procedemento para a avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación (actualmente sen aprobar) continuarán vixentes as disposicións relativas ás probas de certificación contidas no Real decreto 1506/2003, do 28 de novembro, polo que se establecen as directrices dos certificados de profesionalidade e, polo tanto, poderanse seguir realizando convocatorias de probas para a obtención dos certificados de profesionalidade ao amparo deste, así como da Orde TAS/470/2004, do 19 de febreiro, que o desenvolve.

Os certificados de profesionalidade acreditan con carácter oficial as competencias profesionais que capacitan para o desenvolvemento dunha actividade laboral con significación no emprego. Tales competencias deberán estar referidas ás unidades de competencia das cualificacións profesionais do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Nestes momentos estase a levar a cabo unha actualización do repertorio nacional de certificados de profesionalidade, que permitirá contar con novos certificados de profesionalidade que xa terán como base o Catálogo Nacional de Cualificacións e que suporá a derogación dos actualmente vixentes.

As convocatorias realizadas na nosa comunidade autónoma nos anos 2006 e 2007 realizáronse baseándose en ocupacións cuxo certificado de profesionalidade vai sufrir esta actualización. Esta nova convocatoria ten como finalidade permitirles completar o certificado de profesionalidade a aquelas persoas que, participando en convocatorias anteriores, só obtiveran unha acreditación parcial deste.

Por iso, en virtude do Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica e a distribución de competencias da Consellería de Traballo e consultados o Consello Galego de Relacións Laborais e o Consello Galego de Formación Profesional, en exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto convocar probas, en determinadas ocupacións, para a obtención dun certificado de profesionalidade ou para a acreditación parcial dunha ou varias das súas unidades de competencia

Unicamente poderán inscribirse nestas probas as persoas que participaron nas convocatorias dos anos 2006 e/ou 2007, e obtiveron a acreditación dalgun-

ha das unidades de competencia que conforman o certificado de profesionalidade.

A inscrición só poderá realizarse para aquelas unidades de competencia en que foron admitidos/as nas anteriores convocatorias.

Artigo 2º.-Certificados de profesionalidade, unidades de competencia e centros.

As ocupacións obxecto da devandita convocatoria serán as de chapista-pintor de vehículos, axustador mecánico, traballador forestal, xardineiro, electrónico de mantemento, mecánico de vehículos lixeiros e auxiliar de axuda a domicilio.

No anexo I recóllense as unidades de competencia pertencentes a cada certificado de profesionalidade que poden ser susceptibles de certificación individual así como os centros onde se levarán a cabo estas probas.

Artigo 3º.-Requisitos para acceder á realización das probas.

Por tratarse de persoas que xa participaron en anteriores convocatorias, e dado que toda a súa documentación está na Dirección Xeral de Formación e Colocación, os interesados unicamente deberán presentar para acceder á realización das probas:

-A solicitude no modelo normalizado que figura no anexo II desta orde.

-Aboar unha taxa de 32 euros da que quedan exentas as persoas traballadoras inscritas como desempregadas nas oficinas de emprego ou aquelas que acrediten unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento. No caso da persoa desempregada deberá acreditar esta situación cunha copia compulsada da tarxeta de demanda de emprego, en situación de desemprego e no caso de discapacidade co certificado ou resolución do organismo competente que acredite a devandita discapacidade.

O pagamento da taxa deberase realizar a través do impreso de autoliquidación en calquera das entidades financeiras colaboradoras na recadación de taxas e de prezos da Comunidade Autónoma de Galicia, ou ben a través da oficina virtual tributaria da Consellería de Economía e Facenda, nas entidades financeiras actualmente autorizadas. Neste caso, unha vez efectuado o pagamento da taxa correspondente, imprimirase o xustificante de aboar a taxa, que será presentado coa solicitude.

En ningún caso a presentación deste xustificante suporá a substitución da presentación en tempo e forma da solicitude.

Para cubrir correctamente o referido impreso é necesario consignar os seguintes datos:

Consellería de Traballo: código 17.

Delegación de Servizos Centrais: código 13.

Servizo de Secretaría Xeral: código 01.

Taxa: denominación participación nas probas para a obtención de certificados de profesionalidade: Código 304200.

Artigo 4º.-Solicitude de acceso ás probas.

1. A solicitude para participar nas probas deberá formalizarse a través do modelo que figura no anexo II, no prazo de 30 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Boletín Oficial del Estado*.

2. A solicitude poderá presentarse no rexistro da Consellería de Traballo, así como por calquera das formas establecidas polo artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. A solicitude deberá realizarse soamente para aquelas unidades de competencia para as que foron admitidos/as nas anteriores convocatorias e que non superaron.

Artigo 5º.-Admisión de candidatos e candidatas.

1. A relación provisional das persoas admitidas quedará exposta no taboleiro de anuncios do centro onde se vai realizar a proba e na páxina web <http://traballo.xunta.es>, no prazo máximo dun mes dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

2. As persoas aspirantes poderán presentar emenda dos erros indicados na devandita relación provisional no prazo de 10 días, no mesmo centro, así como por calquera das formas establecidas polo artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. A relación definitiva de persoas admitidas publicarase no taboleiro de anuncios do centro e na páxina web <http://traballo.xunta.es>.

4. Ante esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Traballo no prazo dun mes desde a publicación da relación definitiva.

5. Aqueles aspirantes que non figuren na lista de admitidos poderán solicitar a devolución das taxas aboadas para a participación nas probas de acceso, de acordo co modelo que figura no anexo III, ata o prazo máximo dun mes desde o día seguinte ao da publicación das listas definitivas de admitidos.

Artigo 6º.-Axudas e compensacións económicas.

1. As persoas participantes nas probas terán cuberto o risco de accidente derivado da asistencia a estas.

2. No caso de persoas desempregadas, terán dereito á obtención das axudas de transporte, aloxamento e manutención. Os seus importes serán os establecidos para os alumnos/as participantes no Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional regulado polo Real decreto 631/1993, do 3 de maio, e no artigo 17 da Orde ministerial do 13 de abril de 1994, modificada pola Orde TAS/466/2002, do 11 de febreiro.

Artigo 7º.-Comisións de avaliación.

1. Para cada ocupación a Dirección Xeral de Formación e Colocación nomeará comisións de avaliación.

2. Cada comisión de avaliación estará composta por tres profesionais expertos cunha experiencia laboral de polo menos cinco anos na ocupación nos últimos 10 anos, dos cales ata dous poderán acreditarse a través da docencia nesta.

En todo caso, estes expertos deberán estar en exercicio, polo menos un deles non debe de ser docente e un deles actuará como presidente.

3. Cada comisión contará, ademais, cun secretario/a designado/a pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, sen voto, encargado/a de destruír os cadernos das probas aplicadas e de remitir a acta á Administración convocante para que incorpore os resultados ao Rexistro Territorial e ao Rexistro Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal.

4. As comisións de avaliación terán as seguintes funcións:

-Aplicar aos aspirantes as probas de certificación.

-Redactar a acta final das probas, que deberá estar asinada por todos os membros da comisión de avaliación e na cal constará a relación de aspirantes que participaron nas devanditas probas e a súa cualificación de apto ou non apto para cada unha das unidades de competencia do certificado de profesionalidade correspondente.

5. Os membros das comisións de avaliación recibirán, como compensación económica pola asistencia efectiva a estas, as cantidades que se fixan no anexo VI da Orde TAS /470/2004, do 19 de febreiro.

Artigo 8º.-Características das probas.

1. O contido da proba terá como referente o real decreto polo que se establece o certificado de profesio-

sionalidade da ocupación correspondente, recollido no anexo I.

2. Realizarase unha proba teórica e outra práctica para cada unha das unidades de competencia que compoñen os certificados de profesionalidade obxecto desta convocatoria.

3. As probas conterán en todo caso os contidos necesarios que permitan evidenciar que o aspirante acadou as distintas competencias que se especifican no certificado de profesionalidade ou na unidade de competencia correspondente.

Artigo 9º.-Calendario de celebración das probas.

O calendario de celebración das probas para cada certificado de profesionalidade farase público no taboleiro de anuncios de cada un dos centros que teña asignado a realización da proba e na páxina web <http://traballo.xunta.es>, no prazo máximo dun mes desde a publicación das listaxes definitivas de admitidos e excluídos.

Artigo 10º.-Publicación dos resultados das probas.

1. A comisión de avaliación publicará os resultados da avaliación no taboleiro de anuncios do centro onde se realizase a proba e na páxina web <http://traballo.xunta.es>, de maneira que sexa facilmente accesible a todos os interesados. Contra os resultados provisionais desta avaliación poderán presentarse reclamacións ante a comisión de avaliación no prazo de 10 días.

2. A cualificación definitiva das probas publicarase no taboleiro de anuncios do centro e na páxina web <http://traballo.xunta.es>

3. Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso de alzada ante a persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Colocación no prazo dun mes contado desde a publicación das cualificacións definitivas.

Artigo 11º.-Expedición e rexistro.

1. O certificado de profesionalidade expedirase a aquelas persoas que superen a totalidade das probas correspondentes a todas as unidades de competencias das que consta o certificado de profesionalidade correspondente.

2. A avaliación positiva dunha ou varias unidades de competencia dará dereito á súa acreditación a través de créditos ocupacionais.

3. A expedición dos certificados de profesionalidade e dos créditos ocupacionais correspóndelle á Consellería de Traballo e terá validez en todo o Estado.

4. No Instituto Galego das Cualificacións da Consellería de Traballo existirá un rexistro onde se ins-

cribirán os créditos ocupacionais e os certificados de profesionalidade.

Artigo 12º.-Identificación do crédito orzamentario.

O financiamento das accións realizadas no marco desta orde, serán cofinanciadas polo Fondo Social Europeo e a Administración xeral do Estado, e farase con cargo á aplicación orzamentaria 16.03.321A.229.

Disposición adicional

En todo o non previsto nesta disposición, será de aplicación o Real decreto 1506/2003, do 28 de novembro, polo que se establecen as directrices para a obtención dos certificados de profesionalidade e a Orde TAS/470/2004, do 19 de febreiro, pola que se desenvolve o anterior real decreto; en virtude do disposto na disposición transitoria cuarta do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Formación e Colocación para ditar as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no BOE.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2008.

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Conselleiro de Traballo

ANEXO I

Relación de ocupacións coas referencias legislativas dos certificados de profesionalidade correspondentes, as súas unidades de competencia e os centros onde se levarán a cabo as probas

Familia profesional: Agraria	
Ocupación: traballador forestal	Ocupación: xardineiro
Certificado de profesionalidade de traballador forestal. Real decreto 2003/1996, do 6 de setembro (BOE do 3 de outubro).	Certificado de profesionalidade de xardineiro. Real decreto 2031/1996, do 6 de setembro, (BOE do 11 de outubro).
Unidades de competencia: 1. Realizar traballos de roza en masas forestais 2. Executar rareos e podas. 3. Plantar e sementar especies forestais en execución de proxectos de repoboación e forestación. 4. Previr e actuar na extinción de incendios forestais. 5. Realizar traballos básicos no medio natural e a explotación forestal.	Unidades de competencia: 1. Preparar o terreo e realizar infraestruturas básicas de xardíns. 2. Implantar o material vexetal. 3. Manter xardíns. 4. Realizar operacións específicas de mantemento de céspedes.
Centro onde se van realizar as probas: Centro Nacional de FPO de Santiago de Compostela San Paio do Monte, s/n 15898 Santiago de Compostela 981 56 31 33	Centro onde se van realizar as probas: Centro Nacional de FPO de Santiago de Compostela San Paio do Monte, s/n 15898 Santiago de Compostela 981 56 31 33

Familia profesional: Transporte e mantemento de vehículos	
Ocupación: mecánico de vehículos lixeiros	Ocupación: chapista pintor de vehículos
Certificado de profesionalidade de mecánico de vehículos lixeiros Real decreto 541/1997, do 14 de abril (BOE do 7 de maio)	Certificado de profesionalidade de chapista pintor de vehículos Real decreto 544/1977, do 14 de abril (BOE do 30 de abril de 1997)
Unidades de competencia: 1. Controlar e xestionar os stocks dos produtos. 2. Diagnosticar, reparar e verificar os motores de gasolina e diésel. 3. Diagnosticar, reparar e verificar os sistemas de acendemento (eléctricos e electrónicos), de alimentación, de carburación e os sistemas de inxección diésel e gasolina. 4. Diagnosticar, reparar e verificar o embrague, as caixas de cambio e as transmisións. 5. Diagnosticar, reparar e verificar os sistemas de dirección, de freos, de suspensión e de seguridade pasiva. 6. Diagnosticar, reparar e verificar o sistema de aire acondicionado e de climatización. 7. Controlar a calidade das reparacións.	Unidades de competencia: 1. Controlar e xestionar os stocks de produtos. 2. Manexar e poñer en servizo os equipamentos e as máquinas para a reparación da pintura das carrozarías dos vehículos. 3. Desmontar, reparar e verificar os órganos móbiles da carrozaría. 4. Reparar e verificar os órganos fixos da carrozaría. 5. Comprobar, reparar e verificar a xeometría do chasis do vehículo na bancada. 6. Desmontar e montar os vidros e os gornecidos. 7. Pintar a carrozaría. 8. Controlar a calidade da reparación e o acabado da carrozaría.
Centro onde se van realizar as probas: Centro de FPO de Lugo Paseo dos Estudiantes, 7 27002 Lugo 982 22 60 53	Centro onde se van realizar as probas: Centro de FPO de Coia Rúa Baiona, 23 36209 Vigo 986 29 34 29 986 20 61 00

Familia profesional: Fabricación mecánica	Familia profesional: Electricidade e electrónica
Ocupación: axustador mecánico	Ocupación: electrónico de mantemento
Certificado de profesionalidade de axustador mecánico Real decreto 2063/1995, do 22 de decembro (BOE do 27 de xaneiro)	Certificado de profesionalidade de electrónico de mantemento Real decreto 333/1997, do 7 de marzo (BOE do 17 de abril)
Unidades de competencia: 1. Establecer os procesos de mecanizado das pezas que se fabricarán. 2. Preparar e axustar máquinas para ou mecanizado. 3. Mecanizar por arranque de labra. 4. Mecanizar por procedementos especiais e aplicar tratamentos térmicos aos produtos. 5. Montar conxuntos mecánicos. 6. Verificar as características do produto.	Unidades de competencia: 1. Localizar anomalías ou avarías en equipamentos, instalacións e aparellos electrónicos, informáticos e de comunicación, propoñer as accións correctoras oportunas e organizar as intervencións. 2. Reparar equipamentos electrónicos, informáticos e de comunicación, mediante a substitución ou posta en funcionamento de tarxetas, módulos ou compoñentes. 3. Verificar circuitos e equipamentos electrónicos, informáticos e de comunicación, mediante o control e medición con instrumentos específicos e programas informáticos. 4. Poñer a punto equipamentos e sistemas electrónicos, informáticos e de comunicación, mediante ensaios de funcionamento e simulacións, se procede.
Centro onde se van realizar as probas: Centro de FPO de Coia Rúa Baiona, 23 36209 Vigo 986 29 34 29 986 20 61 00	Centro onde se van realizar as probas: Compañía Radio Televisión de Galicia (CRTVG) Bando - San Marcos s/n Santiago de Compostela 15820 A Coruña 981 54 68 43

Familia profesional: Servizos socioculturais e á comunidade	
Ocupación: auxiliar de axuda a domicilio	
Certificado de profesionalidade de auxiliar de axuda a domicilio Real decreto 331/1997, do 7 de marzo (BOE do 26 de marzo)	
Unidades de competencia: 1. Contribuír ao seguimento dos casos asistenciais co traballador social e outros profesionais de servizos sociais. 2. Controlar os hábitos alimentarios do asistido. 3. Asegurar a hixiene persoal do asistido. 4. Realizar a limpeza do fogar. 5. Atender as necesidades afectivas, físicas e sociais do asistido. 6. Contribuír á integración social do asistido. 7. Xestionar a documentación e mantemento do fogar.	
Centros onde se van realizar as probas:	
Centro de FPO de Lugo Paseo dos estudantes, 7 27002 Lugo 982 22 60 53	
Centro de FPO Sta Mª de Europa Ourense Praza da Lexión, 16 32002 Ourense 988 22 54 00 988 22 54 04	
UAF de Ames Rúa Alcalde Lorenzo, 12 15220 Bertamiráns (Ames) A Coruña 981 89 06 13	



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO

ANEXO II



FONDO SOCIAL EUROPEO

PROCEDEMENTO SOLICITUDE DE ACCESO ÁS PROBAS DE CERTIFICACIÓN E DE EXPEDICIÓN DE CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR355A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

ADMINISTRACIÓN CONVOCANTE:	<input type="text"/>
ÓRGANO:	<input type="text"/>

DATOS DO/DA SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/>	SEGUNDO APELIDO <input type="text"/>	NOME <input type="text"/>	DNI / PASAPORTE <input type="text"/>	SEXO <input type="text"/>	
NACIDO O DÍAS/MES/ANO <input type="text"/>	NIVEL FORMATIVO <input type="text"/>				
ENDEREZO <input type="text"/>	Nº <input type="text"/>	PISO <input type="text"/>	LOCALIDADE <input type="text"/>	PROVINCIA <input type="text"/>	TELÉFONO <input type="text"/>

SOLICITUDE:
O/A que subscribe desexa efectuar as probas de avaliación para a obtención do certificado de profesionalidade de

por ter participado na convocatoria do ano e non obter unha avaliación positiva nas unidades de competencia

tal e como se establece na Orde do publicada no BOE nº e

Diario Oficial de Galicia nº

REQUISITOS

NACIONALIDADE		DOCUMENTOS ACREDITATIVOS que obrigatoriamente deben presentar coa solicitude	
1. Español/a.	<input type="checkbox"/>	Fotocopia do DNI.	<input type="checkbox"/>
2. Dalgún dos países da U.E. ou do E.E.E.	<input type="checkbox"/>	Fotocopia do pasaporte.	<input type="checkbox"/>
3. Outras nacionalidades	3.1 Con permiso de residencia e traballo.	Fotocopia de permiso de residencia e de traballo.	<input type="checkbox"/>
	3.2 Coa habilitación administrativa correspondente.	Fotocopia do documento acreditativo da habilitación.	<input type="checkbox"/>

ABOAMENTO DE TAXAS POLA PARTICIPACIÓN NAS PROBAS		DOCUMENTOS ACREDITATIVOS	
1. Importe aboado	<input type="text"/> €	Documento bancario de pagamento de taxas.	<input type="checkbox"/>
2. Exento de pagamento por	2.1 Estar inscrito como desempleado nas oficinas de emprego.	Tarxeta de demanda de emprego, en situación de desemprego.	<input type="checkbox"/>
	2.2 Ser un traballador con discapacidade.	Certificado ou resolución do organismo competente que acredite unha discapacidade igual ou superior ao 33%.	<input type="checkbox"/>

REQUISITOS

Os solicitantes deberán acudir para realizar as probas ao mesmo centro onde se presentaron na anterior convocatoria			
<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/>

CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE DE AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO	
Con respecto a este certificado, os/as candidatos/as que se presentasen ao certificado de profesionalidade de auxiliar de axuda a domicilio en VIGO deberán sinalar por orde de preferencia os centros de Ourense ou de Ames para a realización das probas	
Centro de F.P.O Sta. María de Europa de Ourense	<input type="checkbox"/>
U.A.F. de Ames da Coruña	<input type="checkbox"/>

_____ , de _____ de _____

Asdo.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 3 de novembro de 2008 pola que se convoca a realización de probas para a obtención dos certificados de profesionalidade en determinadas ocupacións para aquelas persoas que participaran nas probas de certificación convocadas nos anos 2006 e/ou 2007 e que teñan acreditada algunha unidade de competencia das que consta o correspondente certificado de profesionalidade.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO <input type="text"/> REVISADO E CONFORME <input type="text"/>	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____
		DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL _____ , de _____ de _____		

ANEXO III

SOLICITUDE DE REINTEGRO

ADMINISTRACIÓN CONVOCANTE:	<input type="text"/>
ÓRGANO:	<input type="text"/>

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI / PASAPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Solicita a devolución dos 32,00 € aboados en concepto de taxa para a participación nas probas de acceso do certificado de profesionalidade de ,

convocado no BOE/*Diario Oficial de Galicia* nº , do por ter sido excluído destas.

_____ de _____ de _____

Asdo.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

Orde do 13 de novembro de 2008 pola que se modifica a Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se convocan as subvencións que se poderán outorgar no exercicio 2008 ao abeiro do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, que regula o programa de vivenda en aluguer.

O Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, que regula o programa de vivenda en aluguer, constitúe o marco normativo polo que se regulan as subvencións para o arrendamento e rehabilitación de vivendas desocupadas na nosa comunidade autónoma.

O seu artigo 3.º dispón que estas subvencións se atenderán a través de convocatorias anuais polas que se cuantificarán as disponibilidades orzamentarias que se poidan consignar para cada exercicio.

En cumprimento disto, no DOG nº 1, do 2 de xaneiro de 2008, publicouse a Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se convocan as subvencións que se poderán outorgar no exercicio 2008 ao

ro do Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, que regula o programa de vivenda en aluguer. Nesta orde fixéronse os importes e as partidas orzamentarias para atender as subvencións ao arrendamento e as subvencións para rehabilitación de vivendas e posterior arrendamento.

Á vista da execución orzamentaria realizada nesas partidas xunto coa previsión de gastos que se efectuarán nelas ata finais do exercicio resulta un remanente que cómpre utilizar para outros fins da consellería. Polo tanto procede minorar os créditos previstos para o ano 2008 para atender as subvencións do programa de vivenda en aluguer. A prol da eficiencia administrativa na execución do gasto e en virtude das competencias que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, da Xunta e a súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modificación da Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se convocan as subvencións que se poderán outorgar no exercicio 2008 ao